



Plan de Acción Titorial

O 15 de maio, celebramos unha sesión de orientación para o alumnado de 4º curso dos graos de cara ao remate dos seus estudos. Se ben ao longo do curso o alumnado xa puido coñecer as ofertas de traballo en diferentes empresas e facer talleres orientados a súa empregabilidade, nesta sesión puido coñecer as principais características dos másteres oficiais (Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira, Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación, Máster Oficial en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas, Máster Universitario en Economía, Máster Universitario en Dirección de Empresas) e dos másteres propios (Máster en Marketing Dixital, Máster en Dirección e Xestión de Comercio Exterior) que se imparten no centro. Tamén tiveron a oportunidade de coñecer os pasos para iniciar unha carreira investigadora facendo o doutoramento, e recibiron información respecto a posibles bolsas como as de internacionalización do IGAPE, ou respecto a ampla oferta de emprego público resumida por Nuria Rey Quintás así como as diferentes opcións no exercicio libre da profesión da man do Colegio Economistas A Coruña.



Paralelamente, o mesmo 15 de maio, tiveron lugar as sesións de orientación sobre materias optativas dos graos, destinadas ao alumnado de 3º. Nestas sesións, o profesorado que imparte as materias optativas de 4º curso, informou ao alumnado das temáticas, metodoloxías, sistemas de avaliación ou calquera outra cuestión respecto ás das diferentes materias. Estas sesións de orientación forman parte do Plan de Acción Titorial do centro.





Aula Profesional ECOADE Aprendendo das empresas e institucións

No marco do ciclo de conferencias *Aprendendo das empresas e institucións*, o 8 de maio contamos cos propietarios e conselleiros delegados de Espina & Delfín e co seu director xeral.



Unha estupenda oportunidade para coñecer unha empresa familiar e poñer en práctica conceptos traballados nas aulas como integración vertical, ingresos recurrentes, reestruturación empresarial ou internacionalización. A charla foi organizada pola Cátedra de Empresa Familiar de la USC.

As actividades da Aula Profesional ECOADE do curso 23-24 remataron o 29 de maio coa visita a Hijos de Rivera, S.L Estrella Galicia, organizada pola Cátedra de Empresa Familiar da USC.



Actividades de captación



Durante a etapa final do curso desenvolveuse a campaña *Coñece a Facultade de CC Económicas e Empresariais*, en colaboración coa Comisión de Normalización Lingüística da Facultade e o Servizo de Normalización Lingüística da USC. A campaña está orientada á captación de estudiantado de ensino medio e a normalización do uso do galego mediante as RRSS, polo que se contou coa creadora

de contidos @Pradorua, que realizou tres vídeos, orientados a explicar as titulacións, o funcionamento da Facultade e profundizar na visión que o actual estudiantado ten das titulacións. Os vídeos foron publicados nas diferentes Redes Sociais da Facultade (Instagram, X, Facebook e LinkedIn).



XIX Xornadas de Economía Crítica

Entre o 12 e o 14 de xuño celebráronse as XIX Xornadas de Economía Crítica na Facultade, organizadas pola Asociación de Economía Crítica. Houbo tres conferencias plenarias de grande interese, impartidos por Michael Roberts (economista británico), Aurèlia Mañé Estrada (UB) e Margarita Mediavilla (UVA), ademais de máis de 100 comunicacións repartidas en diversas mesas de traballo, e dúas mesas redondas.



O 1 e 2 de xullo tivemos na Facultade a defensa de TFG. En total, defenderon o seu TFG, 96 estudantes en formato póster (60 de ADE e 36 de Economía) e 31 diante de tribunal (13 de ADE e 18 de Economía).

Defensa de Traballos de Fin de Grao



O 1 e 2 de xullo tivemos na Facultade a defensa de TFG. En total, defenderon o seu TFG, 96 estudantes en formato póster (60 de ADE e 36 de Economía) e 31 diante de tribunal (13 de ADE e 18 de Economía).



Xornada de Innovación Docente

O 4 de xullo celebramos a II Xornada de Innovación Docente, onde se presentaron as iniciativas postas en marcha na Facultade que optaron á segunda convocatoria do Premio de Innovación Docente. Esta xornada permitiu dar difusión a propostas que poden servir de referencia ao resto do profesorado e que poden ser replicadas noutras materias. Ademais, estas iniciativas pasan a formar parte do repositorio de prácticas de innovación docente que inauguramos o curso pasado. Nesta xornada, tivemos ocasión de escoitar aos profesores Adrián Dios Vicente, Raúl Ríos, Loreto Fernández e Diego Sande que explicaron as iniciativas innovadoras que empregaron na docencia de diferentes materias dos graos. O profesorado asistente participou activamente para coñecer os detalles de cada unha das propostas.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Visita da promoción 1969-1974

O 27 de xuño recibimos a visita da promoción 1969-1974, con motivo do 50 aniversario do remate dos seus estudos. Como xa fixeran ao cumprir os 25 anos, obsequiáronnos cun recordo desta efeméride que recolleu o decano Xoán R. Doldán García en nome da Facultade. Ginés Fernández Nicolás fixo un repaso de datos e recordos da promoción do que xa é historia do noso centro. Fernando González Laxe ilustrounos coa charla "A Economía en cores" onde revisou a evolución do pensamento económico a través dos premios Nobel e as novas propostas en economía.



Xantar de confraternización

O 10 de xullo, como todos os anos, celebramos o xantar de confraternización. Este xantar serviu para xuntarnos persoas que levamos moito tempo traballando no noso centro e outras que se incorporaron máis recentemente. Aproveitamos para agradecer ás sete persoas que se xubilaron ou xubilan nestes curso (Elena Lancho, Francisco J. Santalices, Manuela García, Manuel Vilas, Rafael A. Millán, Roberto Herranz e Sesi Barcia) por toda a súa adicación durante décadas a un servizo público como é o ensino universitario.





Actos de graduación

O 12 de xullo, celebrouse o acto de graduación da XII promoción de Administración e Dirección de Empresas 2020-2024. O acto estivo presidido pola vicerreitora de política científica, Pilar Bermejo Barrera, en representación do Reitor da USC, e nel tamén participaron o decano, Xoán Ramón Doldán García, o vicedecano de estudantes e mobilidade, Adrián Dios Vicente, e as madiñas elixidas polo alumnado, as profesoras Beatriz Aibar Guzmán e Lydia Campos Pereiro, dos departamentos de Economía Financeira e Contabilidade e de Economía Aplicada, respectivamente.



O 19 de xullo, celebrouse o acto de graduación da XV promoción de Economía 2020-2024. O acto estivo presidido pola vicerreitora de estudantes e cultura, Pilar Murias Fernández, en representación do Reitor da USC, e nel tamén participaron o decano, Xoán Ramón Doldán García, a secretaria académica da facultade, M^a José Barcia Domínguez, a madiña elixida polo alumnado, a profesora María Cadaval Sampredo do departamento de Economía Aplicada, e o padriño elixido polo alumnado, o profesor Antonio Rodríguez Sampayo, do departamento de Fundamentos da Análise Económica.









Boas Prácticas de Calidade

O 17 de xullo recollemos de mans de Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, o premio concedido á Facultade pola iniciativa AULA PROFESIONAL ECOADE, dentro da V Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC. É o cuarto ano consecutivo, e o quinto premio, no que o noso centro obtén un galardón polas súas boas prácticas, polo que máis do 14 por cento das boas prácticas recoñecidas nestes anos pola USC corresponden á nosa facultade.

A Aula Profesional ECOADE oferta actividades de formación ao alumnado dos graos e mestrados que se imparten no centro completando os programas formativos dos títulos oficiais. Entre as súas actividades cómpre destacar o ciclo de conferencias "Aprendendo das empresas e institucións" con 10 sesións anuais, impartidas por profesionais de empresas ou o ámbito público para achegar o mundo profesional ao alumnado. Tamén o cineforum "Empresa, Economía e Sociedade", con 8 películas ao longo do curso para fomentar a reflexións sobre diversas cuestións do mundo empresarial e socioeconómico, dun modo máis informal. Completan a oferta: cursos sobre ferramentas Office365, R, ERP (Libra), sinatura dixital, etc.



Séguenos nas nosas redes sociais





Teses defendidas

Durante os meses de maio, xuño e xullo defendéronse as seguintes teses de doutoramento na nosa Facultade:

- Límites sistémicos da estratexia de transición cara á Economía Circular na Unión Europea (2015-2022): Parcialidade conceptual, consecuencias sobre o emprego e as empresas e impacto ecolóxico desigual. Autor: Leandro Javier LLorente González. Dirección: Xavier Vence Deza.
- Dimensiones e indicadores sintéticos de pobreza infantil multidimensional. Una aplicación a España y Galicia. Autora: Noemí Iglesias Rodríguez. Dirección: Ánxela Troitiño Cobas.
- Cara a unha restauración sostible: análise das consecuencias da incorporación de alimentos locais en restaurantes no comportamento do consumidor. Autora: Cristina López Quintela. Dirección: Adolfo Carballo Penela e Emilio Ruzo Sanmartín.
- O crecemento e a supervivencia das spin-off universitarias en España: análise do efecto das vendas iniciais e a forma de financiamento. Autor: Diego Suárez Pousa. Dirección: Sara Fernández López e María Jesús Rodríguez Gulías.
- Visión global e implicacións para España da dinámica de produción e comercialización da industria de produtos do mar conxelados. Autor: Carlos Alberto Medina Zamalloa. Dirección: Sebastián Villasante Larramendi.

Acordos relevantes da Xunta e das Comisións da Facultade

Xunta de Facultade:

- 5 de xuño de 2024: Apróbase a programación docente do curso 2024-25 das titulacións do centro. Apróbase a proposta de reparto do orzamento da Facultade para o ano 2024. Apróbase o calendario de exames do curso 2024-25 dos graos en Economía e en ADE. Recoméndase ao profesorado realizar algún control de asistencia dada a preocupación por esta cuestión tratada nas diferentes xuntanzas de coordinación.
- 17 de xullo de 2024: Apróbanse as convocatorias de cambio de quenda e de dispensa para o curso 2024-2025. Apróbase a modificación do calendario de exames e horarios dunha materia das titulacións do centro.



Acordos relevantes da Xunta e das Comisións da Facultade

Comisión de Tráballo Fin de Grao:

- 7 de maio de 2024: Apróbese a emisión dun informe favorable ao Comité de Bioética da USC sobre a proposta dun TFG. Acórdase que as solicitudes de traballos académicos deste tipo, que precisen de Informe ao Comité de Bioética, podan ser tratadas en reunións asíncronas.
- 25 de xuño de 2024: Apróbese a proposta de calendario de defensa de TFG para o curso 2024-2025. Apróbanse as defensas de TFG da oportunidade de xullo deste curso académico. Apróbese a defensa telemática de TFG solicitada. Apróbanse as propostas de cambio de titorización de TFG solicitadas.

Comisión de Modificación do Plan de Estudos en Economía:

- 21 de maio: Acórdase engadir a información relativa a sistemas de avaliación e metodoloxías nas fichas das materias.

Comisión de Modificación do Plan de Estudos en ADE:

- 21 de maio: Acórdase engadir a información relativa a sistemas de avaliación e metodoloxías nas fichas das materias.

Comisión de Calidade:

- 31 de maio de 2024: Aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro para o curso 22-23, aprobación da memoria de calidade do centro para o curso 22-23.
- 10 de xullo de 2024: Acórdase trasladar ao colexio de decanos/as que, no que se refire ao Regulamento de TFG/TFM, se considera axeitado que as prácticas obrigatorias non se consideren para a posibilidade de poder defender o TFG/TFM, que o volume de créditos pendentes formulados como límite para a defensa do TFG/TFM se considera excesivo e que as regras establecidas deben ser xerais para toda a Universidade e non discrecionais por centro.

Comisión de Actividades Complementarias á Docencia:

- 10 de xullo de 2024: Ao abeiro da convocatoria axudas para a organización de actividades culturais, actividades complementarias á docencia, xornadas científicas ou congresos na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no ano 2024, acórdase conceder a axuda solicitada ás seguintes actividades: XIX Xornadas de Economía Crítica (300 €) e Proposta de actividade cultural (400€).

Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Servizos:

- 8 de xuño: Aprobación da proposta de reparto do orzamento do ano 2024.

Comisión de Convalidacións:

- 11 de xuño: Informe sobre resolucións de equivalencia para acceso a máster, recoñecemento de créditos para os graos de Economía e de ADE e recoñecemento de práctica profesional para prácticas de máster. Informe Comisión Xeral de Validacións.